

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de xullo de 2021
Duración	Desde as 21:10 ata as 23:21 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470783D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
44089250K	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
34898999H	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
44091707V	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
76871323X	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
44455084V	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
44093720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ





52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76865922Z	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
30229121Z	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
76864061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada polo Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE XUÑO DE 2021

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de xuño de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 2067/2021. DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS SOBRE MODIFICACIÓN DA BASE Nº 10 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2021

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que a Intervención municipal propón a modificación da Base 10 das de Execución do Orzamento 2021 con motivo da implantación do programa de contabilidade Sikalwin á recentemente aprobada RPT e que afecta á numeración das partidas contables.

Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, debido a que se trata dunha cuestión técnica coa previa proposta do departamento de Intervención e en aras da eficiencia deste servizo, vai a votar a favor.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, co fin de sumarse ao manifestado polo voceiro socialista, trasladando o voto a favor do seu grupo.



A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, ao igual que os anteriores voceiros, di que vai a votar a favor deste asunto.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 15/06/2021, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal que se incorpora ao expediente, no que se recolle unha proposta de modificación da base nº 10 de execución do Orzamento 2021 polas razóns expostas e motivadas na parte de antecedentes que se reproducen a continuación co teor literal seguinte:

“...1.- PRIMEIRO: DIAGNÓSTICO PREVIO E ANTECEDENTES:

- IMPLANTACIÓN SICALWIN_SIGEP:

Con data 4 de decembro de 2020 asinouse o contrato denominado “Contrato mixto de Servizos e Subministro para a implantación e mantemento dun sistema de xestión informática integrada da Área Económica e Persoal do Concello de A Estrada”.

Parte do obxecto do dito contrato é a implantación e mantemento de aplicacións informáticas e das súas correspondentes licenzas de uso, non exclusivo, como solución totalmente integrada e plenamente coordinada para:

- Xestión orzamentaria e contable.

- Xestión de persoal, nóminas e portal do empregado.

A fase de implantación do sistema contida no contrato, (subministración, instalación, parametrización, configuración, posta en servizo, formación e migración dos datos do exercicio actual (2019-2020) desde os sistemas actuais ao novo sistema). require que tanto dende Intervención como dende Tesourería se leve a cabo unha fase de parametrización e posta a punto dos sistemas.

En concreto, en Intervención, o proxecto de implantación abarca a parametrización da aplicación contable SICALWIN, a implementación, e a súa integración na parte de persoal, co programa de nóminas SIGEP, todo isto coa finalidade de conseguir un resultado final: a contabilización automática da nómina tanto mensual ordinaria, como a extraordinaria ou complementarias.

Todo o anterior supón un fito neste Concello, dado que se espera, entre outros obxectivos, que o proceso de contabilización da nómina sexa máis eficaz e eficiente, aforrando trámites contables, e aumentando en seguridade.

APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO CONCELLO DE A ESTRADA:

Paralelamente, con data 3 de xuño de 2021 aprobouse definitivamente en sesión plenaria o Expediente 5062/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA EN EXECUCIÓN DE SENTENZA.

A aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de A Estrada trae consigo un cambio no organigrama administrativo, e una estrutura dos postos de traballo diferente á implantada ata este momento, que vai producir unha modificación a nivel aplicación orzamentaria, sobre todo en canto á clasificación por programas.

É necesario reestruturar os diferentes postos de traballo dentro dos diferentes grupos de Programa (programa e subprograma), así como a creación doutros



programas e subprogramas que anteriormente non existían, tales coma:

SUBPROGRAMA	DENOMINACIÓN
151.1	<i>Unidade técnica servizo de urbanismo</i>
151.2	<i>Unidade administrativa servizo de urbanismo</i>
151.3	<i>Sección de medio rural</i>
151.4	<i>Sección de obras e servizos básicos</i>
151.5	<i>Sección de mantemento de instalacións municipais</i>
334	<i>Unidade de dinamización cultural</i>

Por iso, dende esta Intervención propónse a apertura das vinculacións xurídicas do Capítulo 1 de gastos denominado “Gastos de persoal”, a nivel de capítulo na clasificación económica, e de programa ou subprograma dentro da clasificación por programas, de tal forma que os créditos de capítulo 1 dentro dun mesmo programa e subprograma formen unha única bolsa de vinculación. Así será posible a creación dos diferentes conceptos e subconceptos para poder clasificar os diferentes postos de traballo dos funcionarios en función do grupo a que pertencen (A1,A2,B,C1,C2,E), e a creación do concepto de trienios (120.06).

Ademais, para evitar múltiples transferencias de crédito propónse unha maior apertura dentro da Área de gasto 3, a nivel de Política de gasto e Capítulo 1...”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

Visto o debatido nesta sesión e de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase inicialmente a modificación da base nº 10 de execución do Orzamento de 2021 tal e como se recolle no Informe de Intervención, no apartado segundo, de acordo co seguinte detalle:

A base nº 10 establece que:

“ BASE 10ª: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Para 2021, os niveis de vinculación xurídica dos créditos serán os seguintes:

Regra Xeral: Respecto ó desenvolvemento por programas, o nivel de vinculación xurídica dos créditos para gastos do orzamento municipal queda establecido nos GRUPOS DE PROGRAMAS, ou nos PROGRAMAS nos servizos nos que estea implantado. Respecto do desenvolvemento económico, o CAPÍTULO.

Regras específicas:

a) Nos seguintes créditos, a vinculación xurídica situarase ao mínimo nivel de desagregación económica con que aparezan no estado de gastos:

1.- Os créditos para gastos de capital dos capítulos VI, VII, e VIII.

2.- Os créditos para gastos recollidos nas seguintes aplicacións orzamentarias: 912.233.00 (Outras indemnizacións. Órganos de goberno); 912.489.00 (Subvencións a grupos políticos); 920.0.226.04 (Gastos xurídicos. Administración xeral); 231.0.480.03 (Atencións benéficas. Tetrapléxico); 231.0.227.06 (Traballos técnicos. Servizo axuda a domicilio), 323.0.227.06 (Estudos e traballos técnicos. Gardería infantil) e 165.221.00 (Enerxía eléctrica. Alumeado).

3.- Os créditos destinados á produtividade, é dicir, os incluídos nas partidas coa clasificación económica 150.00, 150.01, 150.02 e 150.03.

4.- Os créditos destinados a retribuír os servizos extraordinarios, é dicir, os incluídos



nas aplicacións coa clasificación económica 110.02, 130.01, 131.01 (agás a 241.0.131.01) e 151.00 .

5.- As aplicacións que sexan obxecto de crédito extraordinario e suplemento de crédito, así como as procedentes de incorporación de remanentes.

6.- Os créditos declarados ampliáveis na base 12ª, serán vinculantes ao nivel de desagregación con que figuren no estado de gastos do orzamento.

b) Nos seguintes créditos, a vinculación xurídica situarase ao nivel de programas e concepto:

Os créditos para gastos recollidos nas seguintes partidas: 450.0.210.00 (Reparación infraestruturas. Vías urbanas) 450.0.210.01 (Reparación infraestruturas. Vías rurais).

c) Os seguintes grupos de aplicacións orzamentarias compartirán a mesma vinculación:

1.- A 920.0.121.03 (Dotación para negociación colectiva persoal Concello) e a 920.0.121.04 (Dotación regularizacións xudiciais e outras).

2.- A 231.0.227.03 (Prestacións complementarias. Teleasistencia), e a 231.0.227.04 (Teleasistencia Covid).

d) A pesar do establecido nos apartados a), b) e c) anteriores, e ós únicos efectos do cálculo das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do TRLHL RD2/2004, para a tramitación de gastos de carácter plurianual, a vinculación xurídica situarase segundo o establecido na regra xeral..."

Polas razóns expostas nos antecedentes transcritos do informe de Intervención, a redacción da dita base queda como segue:

" BASE 10ª: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Para 2021, os niveis de vinculación xurídica dos créditos serán os seguintes:

Regra xeral: Respecto ó desenvolvemento por programas, o nivel de vinculación xurídica dos créditos para gastos do orzamento municipal queda establecido nos GRUPOS DE PROGRAMAS, ou nos PROGRAMAS nos servizos nos que estea implantado. Respecto do desenvolvemento económico, o CAPÍTULO.

En relación ao capítulo 1, Gastos de persoal, o nivel de vinculación xurídica dos créditos queda establecido a nivel GRUPO DE PROGRAMA e PROGRAMA respecto da clasificación por programas e a nivel CAPÍTULO respecto da clasificación económica, incluso nas seguintes aplicacións orzamentarias, en aras a unha maior facilidade de reestruturación do organigrama administrativo a levar a cabo durante o exercicio 2021:

- Os créditos destinados á produtividade, é dicir, os incluídos nas partidas coa clasificación económica 150.00, 150.01, 150.02 e 150.03.

- Os créditos destinados a retribuír os servizos extraordinarios, é dicir, os incluídos nas aplicacións coa clasificación económica 110.02, 130.01, 131.01 (agás a 241.0.131.01) e 151.00 .

Ademais, para as áreas de gasto 3 e 9, a vinculación xurídica dos créditos de persoal establécese a nivel POLÍTICA DE GASTO respecto da clasificación por programas e a nivel CAPÍTULO respecto da clasificación económica.

Regras específicas:

a) Nos seguintes créditos, a vinculación xurídica situarase ao mínimo nivel de desagregación económica con que aparezan no estado de gastos:

1.- Os créditos para gastos de capital dos capítulos VI, VII, e VIII.

2.- Os créditos para gastos recollidos nas seguintes aplicacións orzamentarias: 912.233.00 (Outras indemnizacións. Órganos de goberno); 912.489.00



(Subvencións a grupos políticos); 920.0.226.04 (Gastos xurídicos. Administración xeral); 231.0.480.03 (Atencións benéficas. Tetrapléxico); 231.0.227.06 (Traballos Técnicos. Servizo axuda a domicilio), 323.0.227.06 (Estudos e traballos técnicos. Gardería infantil) e 165.221.00 (Enerxía eléctrica. Alumeado).

3.- As aplicacións que sexan obxecto de crédito extraordinario e suplemento de crédito, así como as procedentes de incorporación de remanentes.

4.- Os créditos declarados ampliábeis na base 12ª, serán vinculantes ao nivel de desagregación con que figuren no estado de gastos do orzamento.

b) Nos seguintes créditos, a vinculación xurídica situarase ao nivel de programas e concepto:

Os créditos para gastos recollidos nas seguintes partidas: 450.0.210.00 (Reparación infraestruturas. Vías urbanas) e 450.0.210.01 (Reparación infraestruturas. Vías rurais).

c) Os seguintes grupos de aplicacións orzamentarias compartirán a mesma vinculación:

1.- A 920.0.121.03 (Dotación para negociación colectiva persoal Concello) e a 920.0.121.04 (Dotación regularizacións xudiciais e outras).

2.- A 231.0.227.03 (Prestacións complementarias. Teleasistencia), e a 231.0.227.04 (Teleasistencia Covid).

d) A pesar do establecido nos apartados a), b) e c) anteriores, e ós únicos efectos do cálculo das porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do TRLHL RD2/2004, para a tramitación de gastos de carácter plurianual, a vinculación xurídica situarase segundo o establecido na regra xeral. ”

Segundo.- O expediente referenciado, que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Este expediente de modificación da base nº 10 de execución do Orzamento de 2021 considerarase definitivamente aprobado de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións.

Expediente nº 2339/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN AO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2021

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen pasa explicar o asunto que se trata neste punto, para elo di que, como excepción á anualidade orzamentaria, a Lei contempla a tramitación de recoñecementos extraxudiciais de crédito para efectuar o pagamento daqueles servizos e subministros que foron prestados en anos anteriores e que as respectivas facturas teñen entrada no ano en curso; ante o sinalado, se trae aquí o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2021 por importe total de 545.552,52 € e que está formado por unha serie de facturas, certificacións, unha indemnización por gastos de locomoción e as



indemnizacións aos concelleiros/as por asistencias a órganos colexiados durante o mes de decembro de 2020.

Toma a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar que neste expediente lle chama a atención o recoñecemento de créditos po valor de 445.000 €, dos cales 293.000 € corresponden a facturas de subministro eléctrico, incluíndo tamén o alumado de Nadal e o pagamento a IDOM pola xestión da EDUSI; polo anterior di que estaría ben que o alumado de Nadal non entrara ao igual que se fixo no ano anterior, pedindo que se aclare a que foi destinada a partida orzamentaria para este gasto. Así mesmo, observa que o recoñecemento do gasto de electricidade é substancialmente maior con respecto ao recoñecido no ano anterior, polo que dedúcese que os gasto deste subministro aumentaron bastante en relación ao exercicio 2019.

Con respecto a cuestións máis técnicas, di que Intervención apela á nulidade das facturas que se pretender aboar por causa de ausencia total de procedemento administrativo; e, na Memoria elaborada polo Concelleiro delegado de Facenda dise que, en ocasións, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao procedemento legal, do que deduce que a este Concelleiro lle molesta a Lei para facer a xestión económica deste Concello e, polo tanto, se están a saltar o procedemento e que é a garantía da veciñanza para que os cartos non sexan gastados como lle dea a gana ao grupo de goberno; de todas formas, di que Intervención non é que vexa desaxustes no procedemento (como se fai constar na Memoria) senón que observa a ausencia total de procedemento e, polo tanto, as facturas son nulas; así mesmo, no dito informe faise referencia á figura do “enriquecemento inxusto”, sendo esta a base legal para a formación deste expediente de recoñecemento extraxudicial, sen embargo retórcese a argumentación desta figura obviando que esta está para cubrir aquelas facturas que entran no Concello e que corresponden ao exercicio económico anterior, pero non está para cubrir as facturas que veñen dadas dunha ausencia total de procedemento, polo tanto a argumentación da Memoria non é factible e, segundo o informe de Intervención, serían nulas e, como consecuencia, no habería unha obriga legal para os seus pagamentos.

Continúa dicindo que, en relación con este tipo de expedientes, lle preocupa os pronunciamentos da Intervención en reiteradas ocasións e o caos que o grupo de goberno ten montado nesta casa, sinal disto é as reclamacións en materia de persoal e a cantidade de reparos que emite o órgano interventor, pensando que calquera coincidencia coa legalidade é tamén unha coincidencia.

Entende que os provedores do Concello non deben verse prexudicados pola mala xestión económica do actual grupo de goberno, polo que na votación o seu grupo absterase e así non obstaculizar a aprobación deste expediente.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando que o seu grupo quere que o Concello pague as facturas pendentes, pero, debido aos reparos formulados polo departamento de Intervención, se absterán na votación ao mesmo tempo que insta ao grupo de goberno para que cumpra co establecido na Lei de Contratos.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, di que lle preocupa moito a cantidade que suman as facturas pendentes de pagamento e que consta neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e que van acompañadas de reparos por parte de Intervención, non obstante, entendendo que estas hai que aboalas e con moiúsimas reservas votará a favor.

A continuación procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Mixto (BNG) e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, o seguinte **ACORDO**:



Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 04/06/2021, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2021, incoado co obxecto de aprobar o recoñecemento das obrigas e posterior pagamento dunha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados por non terse presentado as facturas e xustificantes de gastos nas anualidades correspondentes, segundo se detalla na memoria do Concelleiro Delegado.

Logo de ver que a falta de crédito adecuado e suficiente constituíu motivo para formular reparo pola Intervención, en virtude do disposto no artigo 217.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Logo de ver que a discrepancia formulada pola Intervención municipal deberá ser resolta polo Pleno da Corporación, con carácter previo á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, tal e como preceptúa o artigo 15 do R. Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

<<... corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos a) se baseen na insuficiencia ou na inadecuación de crédito...>>

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas na sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

Visto o debatido nesta sesión e en virtude do exposto, e segundo as competencias atribuídas pola normativa de aplicación,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Resólvense as discrepancias formuladas pola Intervención municipal e levántanse os reparos formulados, para efectos de proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2021 e ao pagamento das obrigas a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se recollen no Anexo I do expediente, en relación coas facturas respectivas, que constituíen título suficiente que obriga ao Concello ao seu cumprimento.

Segundo.- Apróbanse as certificacións das obras correspondentes ás facturas detalladas no Anexo I deste expediente, logo de ver as propostas da Alcaldía que figuran en cada un dos expedientes, reunificadas neste acordo co teor literal seguinte:

A)

Expediente nº 3965/2019

Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, polo Pleno da Corporación. É relativa á aprobación da certificación de liquidación da obra "CONFIGURACIÓN E DOTACIÓN DE 3 ZONAS DE USO RECREATIVO INTEGRADAS NO PROXECTO DA ALAMEDA DA ESTRADA". Vista a certificación de liquidación da obra "CONFIGURACIÓN E DOTACIÓN DE 3 ZONAS DE USO RECREATIVO INTEGRADAS NO PROXECTO DA ALAMEDA DA ESTRADA", asinada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares, o Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da



empresa adxudicataria con data 06-05-2021, e que ascende á cantidade de 13.519,04 €.

Vista a factura nº Emit-202105056 de data 7 de maio de 2021, por importe de 13.519,04 € emitida pola empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L. (CIF B24572554) adxudicataria da devandita obra.

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a certificación de liquidación da obra “CONFIGURACIÓN E DOTACIÓN DE 3 ZONAS DE USO RECREATIVO INTEGRADAS NO PROXECTO DA ALAMEDA DA ESTRADA”, que ascende á cantidade de 13.519,04 €, redactada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto D. Enrique Ponte Clares e o Arquitecto Técnico municipal D. Daniel Órrea Corral con data 6 de maio de 2021, e executada pola empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.

2º.- Aprobar a factura nº Emit-202105056 de data 7 de maio de 2021 por importe de 13.519,04 € emitida pola empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L. (CIF B24572554) (coincidente co importe da certificación), e que se proceda ao seu pagamento.

B)

Expediente nº 5100/2020

Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, polo Pleno da Corporación. É relativa á aprobación da certificación nº 2 e liquidación do LOTE 1.- CONSTRUCCIÓN DE ASEO ACCESIBLE E ALMACÉN da obra “SUBSTITUCIÓN PAVIMENTO E MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL REGUEIRO”.

Vista a certificación nº 2 e liquidación do LOTE 1.-CONSTRUCCIÓN DE ASEO ACCESIBLE E ALMACÉN da obra “SUBSTITUCIÓN PAVIMENTO E MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL REGUEIRO”, asinada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares, o Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria con data 29-01-2021 e que ascende á cantidade de 1.489,13 €.

Vista a factura nº 0082 de data 7 de maio de 2021, por importe de 1.489,13 € emitida pola empresa VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U., con CIF B94006947, adxudicataria da devandita obra.

Vista a acta de recepción de data 7 de maio de 2021, asinada polos Técnicos Municipais Sres. Ponte Clares e Órrea Corral, polo Sr. Alcalde así como polo representante da empresa adxudicataria.

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 das de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a certificación nº 2 e liquidación do LOTE 1.- CONSTRUCCIÓN DE ASEO ACCESIBLE E ALMACÉN, que ascende á cantidade de 1.489,13 €, redactada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto D. Enrique Ponte Clares e o Arquitecto Técnico municipal D. Daniel Órrea Corral con data 29 de xaneiro de 2021, e executada pola empresa VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.



2º.- Aprobar a acta de recepción de data 7 de maio de 2021.

3º.- Aprobar a factura nº 0082 de data 7 de maio de 2021 por importe de 1.489,13 € emitida pola empresa VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U., con CIF B94006947 (coincidente co importe da certificación), e que se proceda ao seu pagamento.

C)

Expediente nº 4020/2020

Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, pola Xunta de Goberno Local. É relativa á aprobación da acta de recepción e factura do LOTE 1.-"SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VIAL" do contrato "SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DA ESTRADA".

Visto que o indicado contrato foi adxudicado á empresa LACROIX CITY CENTRO S.A.U. (CIF A12329827) por Resolución da Alcaldía nº 2019-1276 de data 2 de novembro de 2020.

Vista a acta de recepción de data 14 de maio de 2021, asinada polo Sr. Alcalde, polo arquitecto técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria.

Vista a factura nº 112041151605 de data 23/12/2020, emitida pola empresa LACROIX CITY CENTRO S.A.U., adxudicataria do indicado contrato, por un importe de 17.363,83 euros (IVE incluído).

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 das de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a acta de recepción do nomeado subministro, de data 14-05-2021, asinada polo Sr. Alcalde, polo arquitecto técnico municipal D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria.

2º.- Aprobar a factura nº 112041151605 de data 23/12/2020 emitida pola empresa LACROIX CITY CENTRO S.A.U. (CIF A12329827) adxudicataria do LOTE 1.-SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VIAL, por un importe de 17.363,83 euros (IVE incluído) e que se proceda ao seu pagamento.

D)

Expediente nº 5186/2020

Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, polo Pleno da Corporación. É relativa á aprobación da certificación nº 2 e final da obra "ARRANXO DE FONTES NO RURAL - PLAN CONCELLOS 2018":

Vista a Certificación nº 2 e final da obra "ARRANXO DE FONTES NO RURAL-PLAN CONCELLOS 2018", asinada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares, o Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria con data 4 de febreiro de 2021 e que ascende á cantidade de 3.568,13 €.

Vista a factura nº T2021-152 de data 14 de maio de 2021, por importe de 3.568,13 € emitida pola empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., (CIF B36052876)



adxudicataria da devandita obra.

Vista a acta de recepción de data 18 de maio de 2021, asinada polo Sr. Alcalde acctal., polo delegado da función da intervención da comprobación material do investimento D. Luis Manuel Lozano Lorenzo, polos técnicos municipais Sres. Ponte Clares e Órrea Corral así como polo representante da empresa.

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 das de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a certificación nº 2 e final da obra “ARRANXO DE FONTES NO RURAL-PLAN CONCELLOS 2018”, que ascende á cantidade de 3.568,13 €, redactada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto D. Enrique Ponte Clares e o Arquitecto Técnico municipal D. Daniel Órrea Corral con data 4 de febreiro de 2021, e executada pola empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.

2º.- Aprobar a acta de recepción de data 18 de maio de 2021.

3º.- Aprobar a factura nº T2021-152 de data 14 de maio de 2021 por importe de 3.568,13 € emitida pola empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., (CIF B36052876) (coincidente co importe da certificación), e que se proceda ao seu pagamento.

E)

Expediente nº 1825/2019

Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, polo Pleno da Corporación. É relativa á aprobación da Certificación de liquidación da obra “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN A ESTRADA-PLAN CONCELLOS 2018”.

Vista a Certificación de liquidación da obra “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN A ESTRADA - PLAN CONCELLOS 2018”, asinada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares, o Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria con data 22-12-2020 e que ascende á cantidade de 59.659,75 €.

Vista a factura nº 2201179 de data 22 de decembro de 2020, por importe de 59.659,75 € emitida pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) (CIF A3600886) adxudicataria da devandita obra.

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 das de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a certificación de liquidación da obra “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN A ESTRADA - PLAN CONCELLOS 2018”, que ascende á cantidade de 59.659,75 €, redactada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto D. Enrique Ponte Clares e o Arquitecto Técnico municipal D. Daniel Órrea Corral con data 22 de decembro de 2020, e executada pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA).

2º.- Aprobar a factura nº 2201179 de data 22-12-2020 por importe de 59.659,75 € emitida pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) (CIF A3600886) (coincidente co importe da certificación), e que se proceda ao seu pagamento.

F)

Expediente nº 5167/2020



Departamento: Secretaría

Dende esta Alcaldía faise a seguinte proposta para que, previa emisión de informe de fiscalización pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, polo Pleno da Corporación. É relativa á aprobación da certificación de liquidación da obra "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS (PDR 2020-2021)".

Vista a certificación de liquidación da obra "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS (PDR 2020/2021)", asinada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares, o Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, así como polo representante da empresa adxudicataria con data 15-03-2021, e que ascende á cantidade de 8.700,76 €.

Vista a factura nº 2210331 de data 13 de abril de 2021, por importe de 8.700,76 € emitida pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) (CIF A3600886) adxudicataria da devandita obra.

Vista a competencia do Pleno da Corporación por tratarse dun recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o sinalado na Base nº 22.2.3 das de execución do Orzamento 2021 e no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

PROPOÑO:

1º.- Aprobar a certificación de liquidación da obra "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS (PDR 2020/2021)", que ascende á cantidade de 8.700,76 €, redactada pola dirección facultativa da obra o Arquitecto D. Enrique Ponte Clares e o Arquitecto Técnico municipal D. Daniel Órrea Corral con data 15 de marzo de 2021, e executada pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA).

2º.- Aprobar a factura nº 2210331 de data 13 de abril de 2021 por importe de 8.700,76 € emitida pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) (CIF A3600886) (coincidente co importe da certificación), e que se proceda ao seu pagamento.

Terceiro.- Procédase á aplicación orzamentaria do recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2021 (Expte. Gestiona 2339/2021) unha vez finalizado o expediente de crédito extraordinario 1/R/2021 financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, logo de ver que se trata de obrigas que forman parte da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" con carácter preferente para o destino do superávit orzamentario correspondente á liquidación do exercicio 2020, por un total de 545.552,52 euros, co seguinte detalle:

Importe orzamentario.....: 544.802,95 €
IVE.....: 749,57 €
Total do recoñecemento.....: 545.552,52 €
Retencións IRPF.....: 24,38 €
Líquido a percibir.....: 545.528,14 €

Cuarto.- Unha vez resoltas as discrepancias, o presente acordo deberá comunicarse á Intervención municipal a fin de continuar coa tramitación do expediente.

Expediente 2395/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS SOBRE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 23/2021 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO MEDIANTE SUPERÁVIT - RLT PARA A APROBACIÓN E PAGAMENTO DO RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2021





Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Para explicar este punto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que para poder efectuar o pagamento do recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado no punto anterior é necesario aprobar o correspondente financiamento mediante superávit – remanente líquido de tesourería, para elo se incoou o expediente de crédito extraordinario 1/2021 (modificación orzamentaria 23/2021).

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que, por tratarse dun expediente ligado ao aprobado anteriormente, entende que é o procedemento máis adecuado para facelo, sen esquecer todas as reservas que manifestou anteriormente, e para manter a liña absterase na votación.

A voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, súmase ao manifestado polo voceiro socialista e, polo tanto, tamén se absterá.

Dna. Susana Camba Castro, voceiro do grupo Mixto (BNG), traslada o seu voto a favor desta proposta.

A continuación procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Mixto (BNG) e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 04/06/2021, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto que, incoado o expediente de crédito extraordinario número 1/R/2021, por importe de 544.802,95 euros, financiado mediante superávit - remanente líquido de tesourería, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na memoria, de tramitar a aprobación e pagamento do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2021 por importe total de 545.552,52 euros (544.802,95 €+ IVE : 749,57 €).

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Emitido informe pola intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

Visto o debatido nesta sesión, e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase o expediente de crédito extraordinario número 1/R/2021 (modificación orzamentaria número 23/2021) financiado con superávit - remanente líquido de tesourería, e co seguinte detalle:

Orzamento de gastos:

Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario, que se crean co subconcepto 90, por importe total de 544.802,95 euros:



	Descrición	Importe
135.221.90	Protección Civil. Subministros. Recoñecemento extraxudicial de créditos	154,01 €
135.226.90	Protección Civil. Gastos diversos. Recoñecemento extraxudicial de créditos	514,80 €
151.227.90	Urbanismo. Traballos outr.empresas. Recoñec.o extraxudicial de créditos	29.493,76 €
151.231.90	Urbanismo. Gastos de locomoción. Recoñecemento extraxudicial de créditos	17,10 €
151.233.90	Urbanismo. Outras indemniz. Recoñecemento extraxudicial de créditos	4,35 €
161.227.90	Serv. Augas. Traballos outr.empresas. Recoñec.extraxudicial de créditos	3.569,38 €
162.1.214.90	Recollida lixo. Rep.elementos transporte. Recoñec.extraxudicial de créditos	65,00 €
165.221.90	Subministros. Enerxía eléc. Alumado público. Rec. Extrax. de créditos	296.183,67 €
231.0.227.90	Serv. Sociais. Trab.outras empresas. Recoñec.to extraxudicial de créditos	519,93 €
312.226.90	Sanidade. Gastos diversos. Recoñecemento extraxudicial de créditos	1.863,40 €
323.1.213.90	Ed. Básica. Rep.maquinaria, instalc. Recoñec.extraxudicial de créditos	507,03 €
323.2.226.90	Conservatorio de música. Gastos diversos. Rec. extraxudicial de créditos	2.634,61 €
323.3.213.90	Gardería Galiña Azul. Rep.maquinaria, instalc. Recoñec. Extrax. de créditos	2.740,21 €
323.3.467.90	Gardería Galiña Azul. Transf. Correntes a consorcios. Rec.extr. de créditos	31.500,00 €
330.203.90	Cultura. Aluguer de maquinaria e instalacións. Rec.extraxudicial de créditos	6.897,00 €
330.226.90	Cultura. Gastos diversos. Recoñec. extraxudicial de créditos	2.643,85 €
330.227.90	Cultura.Trab. outras empresas. Recoñecemento extraxudicial de créditos	5.213,38 €
330.623.90	Cultura. Inv novo. Maqu.e instalac. Recoñec.extraxudicial de créditos (proxecto nº 2021-4-REC21-68-1)	423,50 €
338.226.90	Festexos. Gastos diversos. Recoñecemento extraxudicial de créditos	796,49 €
340.203.90	Deportes. Aluguer de maq.a e instalacións. Recoñec.extraxudicial de créditos	60,38 €
340.213.90	Reparación maq. instalc Deportes. Recoñec. extraxudicial de créditos	46,00 €
340.223.90	Deportes. Transportes. Recoñecemento extraxudicial de créditos	1.430,00 €
430.203.90	Promoción comercial. Aluguer alumeado nadal. Recoñec. de créditos	39.930,00 €
430.226.90	Promoción comercial. Gastos diversos. Recoñecemento de créditos	





457,38 €	
450.0.203.90	Vías públicas. Aluguer maquin. instalac. Recoñec. extraxudicial de créditos 781,56 €
450.0.210.90	Vías públicas. Reparac. Vías urbanas. Recoñec.extraxudicial de créditos 358,84 €
450.0.214.90	Vías públicas. Repar.Material transporte. Recoñec.extraxudicial de créditos 552,40 €
450.0.221.90	Vías públicas. Subministros. Recoñecemento extraxudicial de créditos 273,33 €
912.226.90	Órganos de goberno. Public.e propaganda. Rec. extraxudicial de créditos 308,55 €
912.233.90	Órganos de goberno. Outras indemniz. Recoñec.extraxudicial de crédito 7.933,20 €
912.623.90	Órganos de goberno. Inv novo. Maq. instalac. Rec.extraxudicial de créditos (proxecto nº 2021-4-REC21-68-1)
423,50 €	
920.0.220.90	Ad. xeral. Material oficina. Recoñecemento extraxudicial de créditos 172,91 €
920.0.226.90	Ad. xeral. Gastos diversos. Recoñecemento extraxudicial de créditos 1.354,41 €
920.0.221.90	Ad. xeral. Subministros. Recoñecemento extraxudicial de créditos 678,38 €
171.609.90	Configuración e Dotación de 3 Zonas de Uso Recreativo na Alameda (Expte. Gestiona 3965/2019). Recoñecemento extraxudicial de créditos. (proxecto nº 2021-4-ZUREX-72-1)
13.519,04 €	
340.632.18.90	Substitución do Pavimento e Melloras no Manuel Regueiro. (Expte.Gestiona 5100/2020). Recoñecemento extraxudicial de créditos (proxecto nº 2021-2-MANRE-20-1)
1.489,13 €	
432.623.90	Sinalización de Recursos Turísticos Concello da Estrada. (Expte. Gestiona 4020/2020). Recoñecemento extraxudicial de créditos (proxecto nº 2021-4-SRTEX-73-1)
17.363,8 €	
450.0.610.18.90	Arranxo Fontes no Rural. (Expte. Gestiona 5486/2020). Recoñecemento extraxudicial de créditos. (proxecto nº 2021-2-FONRU-21-1)
3.568,13 €	
450.0.610.19.90	Proxecto modificado: Mellora de Camiños Rurais en A Estrada Plan Concellos 2018 (lote 1). (Expte. Gestiona 1825/2019) Recoñecemento extrax.l de créditos. (proxecto nº 2021-4-MCREX-71)
59.659,75 €	
450.0.610.20.90	Mellora Camiños Municipais PDR. (Expte. Gestiona 5167/2020) Recoñecemento extraxudicial de créditos. (proxecto nº 2021-2-PDR20-35-1)
8.700,76 €	

Orzamento de ingresos:

Concepto de ingresos: 870.00

Recurso financeiro: Remanente líquido de tesourería.





Importe: 544.802,95 €

Segundo.- Este expediente de modificación de créditos que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito período non se presentaran reclamacións.

Expediente 2592/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 24/2021 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concédesse a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, o cal explica que a proposta que se somete a votación consiste na aprobación do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito 2/R/2021 (modificación orzamentaria nº 24/2021) financiado mediante aplicación do superávit - remanente líquido de tesourería dispoñible, por importe total de 1.815.000,00 €, que ten por obxectivo a urxente e inaprazable necesidade de dinamizar a vida económica dos estradenses e paliar o impacto económico e social causado pola pandemia que estamos a sufrir.

O dito expediente pode financiarse con remanente líquido de tesourería, en aplicación do superávit resultante da liquidación do orzamento de 2020 (L.O. 9/2013 de Control da Débeda Comercial no Sector Público que modifica a Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira), dado que se cumpren tódolos requisitos que se establecen na disposición adicional sexta da LOEPSF, en canto ao destino do superávit orzamentario, ao que hai que sumar á boa situación financeira do noso Concello.

Tendo en conta que entre os créditos extraordinarios propostos figura a aplicación orzamentaria 153.2.610.00 “Inv. Reposición. Mellora da capa de rodadura e drenaxe de vías municipais” por importe de 1.000.000,00 euros que se tramitará como investimento financeiramente sustentable, unha vez verificado o cumprimento dunha serie de requisitos recollidos na disposición adicional 16ª do TRLRFL 2/2004.

Di que a inclusión neste expediente da “Subvención Nominativa. Asociación Comerciantes da Estrada (A.C.O.E.). Campañas dinamización económica COVID-19”, por importe de 150.000,00 euros supón a necesidade de modificación da base nº 53ª “ACTIVIDADE SUBVENCIONAL” das de execución do orzamento 2021.

Toma a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, facendo referencia ao manifestado polo Concelleiro de Facenda sobre a boa situación financeira do Concello e, a este respecto, di que é normal que se fagan estes investimentos con cargo a remanentes, sen embargo isto ten o custo de haber deixado de facer investimentos en exercicios anteriores para poder ter agora o colchón de remanentes. Di tamén que o feito de que se poidan aplicar ditos remanentes a partidas de gastos xerais (como consta neste expediente) é grazas a que se facilitou que os remanentes se poidan



incluír en partidas de gastos xerais e non só en investimento financeiramente sostibles.

En canto a Memoria asinada polo Concelleiro delegado de Facenda, di que ten varias eivas, entre elas o non xustificar a oportunidade e a necesidade de moitos dos investimentos e de moitas das partidas de gastos que se aproban neste suplemento de crédito, de feito soamente xustifícase o plan de asfaltados, sendo esta outra proba do mal que se fan os orzamentos neste Concello, porque tiñan presupostados trece millóns de euros e agora traen aquí unha modificación de crédito por valor de 1,8 millóns de euros e que supón un 15% dese Orzamento elaborado o 1 de xaneiro, o que deixa constancia da desviación que sofre ano tras ano o Orzamento deste Concello, unha mostra máis do mal que se fan os orzamentos nesta casa.

Por outra banda e en relación con este expediente, quere agradecer a colaboración que se tivo coa oposición, modificándose o importe que lle corresponde ao Concello da Estrada para as reformas das rúas Ulla e Calvo Sotelo, pero non pode dicir o mesmo en relación á subvención nominativa a favor da ACOE, porque a documentación xustificativa presentada por esta asociación pasou por todos os despachos, pero ao final non se atopa en ningún á hora da súa consulta o que lle fai supoñer que ao grupo de goberno non lle interesaba que a oposición consultara dita documentación, ademais de crer que o que se pretende é que os voceiros/as dos grupos da oposición teñan que facer un discurso descoñecendo en que se van a gastar os cartos dos veciños e veciñas da Estrada; e se é certo que dita documentación se perdeu entón o ve como unha inaptitude do grupo de goberno.

En canto á urbanización da rúa Calvo Sotelo quere facer constar que é decisión e responsabilidade do grupo de goberno incluír esta obra no Plan URBE, así como da existencia doutras rúas que están a soportar a carga de tráfico que asumían esa dúas rúas e que non se atopan nunhas condicións óptimas, polo que sería necesario facer actuacións para mellorar esta situación.

Finalmente, a pesares da actitude rateira do grupo de goberno á hora de facilitar documentación, o seu grupo apoiará a aprobación deste expediente de modificación de crédito pero deixando constancia de estar en desacordo coas formas e, de seguir nesta tónica, a tomar as accións necesarias para mellorar este tipo de atropelos que se fan dende o grupo de goberno.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar estar de acordo con que sexan destinados cartos para o incremento da seguridade vial das parroquias do noso concello e á mellora do firme de moitas pistas, se embargo reitera a súa petición de saber cales son os criterios utilizados á hora de elixir os camiños para os seus arranxos, sendo esta falta de información o que lle fai sentir certa inseguridade no momento de apoiar as iniciativas do grupo de goberno. Di que igualmente está a favor de dinamizar a economía da Estrada mediante a concesión dunha subvención nominativa a favor da ACOE, sen embargo nota a falla de saber a que se van a destinar eses cartos, lembrando que o seu grupo tamén solicitara esa documentación xustificativa sen que lle fora facilitada. Así mesmo, apoia a dinamización do casco urbano mediante a peonalización da rúa Calvo Sotelo, sen embargo entende que hai que seguir traballando en aras de mellorar a imaxe do noso casco urbano.

Finaliza transmitindo estar a favor da aprobación deste expediente á vez que pide que se amplíe a información aos grupos da oposición e cunha maior transparencia á hora da tramitación deste tipo de expedientes.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que concorda cos demais grupos da oposición en que a falta de información en relación co expediente que se está a tratar é evidente, porque está moi ben destinar cartos para a seguridade vial e para a mellora dos nosos camiños, así como para a concesión de axudas directas ao noso comercio, pero estaría ben que se puidera acceder á documentación que detalla o destino destes cartos.

Di tamén que para acadar a mellora das pistas do rural fan falla moitos máis cartos, xa que están a sofrer un gran abandono, polo que débese ver que criterios de prioridade se manexarán á hora do arranxo destes camiños e de que xeito se levarán a cabo ditos traballos para evitar os erros cometidos anteriormente (exemplo en Cebados – Aguións).

Por outra banda, en canto a peonalización do centro urbano, apoia o mesmo pero lembra que non se pode esquecer actuacións ao redor do mesmo co fin de que a reurbanización se faga antes das obras de





peonalización e evitar así un caos absoluto por mor do incremento de tráfico que están a soportar outras rúas.

Finalmente traslada o voto a favor da aprobación deste expediente de modificación de créditos.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dar resposta a algunhas cuestións, así que di que o intento deste grupo de goberno á hora de dar información foi sempre de máximo compromiso e nunca se lle negou o acceso aos grupos da oposición á información e aos expedientes solicitados; ademais, nos debates plenarios sempre se intentou dar resposta ás preguntas formuladas, ben en sede plenaria ou ben por escrito con posterioridade.

En relación á subvención nominativa a favor da ACOE, di que o Concelleiro delegado de Industria lle trasladou a solicitude de consulta da documentación xustificativa por parte do voceiro do grupo socialista, querendo aclarar que esa documentación non forma parte do expediente que se está a tratar neste punto, de feito non lembra que nunca antes os grupos da oposición solicitaran a documentación que xustificara o destino das subvencións nominativas outorgadas a outras asociacións; polo tanto, estamos ante unha subvención que se lle outorga á ACOE e que terá que xustificar a posterioridade, sen embargo o que si houbo foi unha iniciativa por parte do grupo de goberno para poñerse en contacto coa directiva desta asociación co fin de saber cales son as súas necesidades e a cal trasladounos unha serie de carencias, derivándose na valoración por parte do Concello de asumir ese compromiso e así financiar unha parte importante das iniciativas que esa asociación ten previsto levar a cabo nos vindeiros meses. Ante o anterior aclara que esa documentación xustificativa non é competencia do grupo de goberno achegala e, polo tanto, se a oposición ten tanto interese debe dirixirse á ACOE para que lla facilite.

No relativo á información sobre a rede viaria, di que en multitude de ocasións el mesmo informou á oposición sobre este tema e, incluso, se lles achegou documentación ao respecto, en concreto unha auditoría da rede cuantificada nun investimento para este mandato en torno a 3.600.000,00 euros (aproximadamente), baseada en diversos estudos dos técnicos municipais. En canto ao dito sobre a insuficiencia da cantidade a investir este ano en actuacións de melloras de viais, quere aclarar que neste ano rematouse un proxecto de asfaltados no rural por importe de 800.000 euros, está pendente de licitación un proxecto do Plan Concellos de 600.000 euros, existe outro proxecto de 325.000 € de fondos propios, outro de 200.000 € en cooperación coa Xunta de Galicia (PDR) e este proxecto a tratar neste expediente de 1.000.000,00 €; en total o investimento para asfaltados no rural vai a supoñer para este ano en torno a tres millóns de euros. De todo o anterior, se están destinando todos os recursos posibles a mellorar a nosa rede viaria no rural.

En relación ao casco urbano, manifesta coincidir con esas necesidades de realizar actuacións para a súa mellora, reiterando o dito xa noutras sesións plenarias sobre que hai un proxecto de 600.000,00 € financiado co Plan Concellos remitido no pasado mes de febreiro á Deputación de Pontevedra e outro de 240.000,00 € onde están incluídas actuacións nas rúas Pérez Viondi, San Antón, 25 de Xullo, Baiuca, Pontearreas, Avda de Santiago, etc; quere aclarar que os anteriores proxectos están xa para iniciar os procedementos de licitación, esperando que se poidan acometer sobre o mes de setembro.

Espera que coa información dada en parágrafos anteriores haxa dada resposta aos grupos da oposicións, de todos os xeitos se lles dará traslado da mesma igual que se fixo sempre, e, en relación con tramitacións feitas con outros organismos ou asociacións, lles recomenda que se dirixan a eles e así tamén coñezan as súas necesidades; así que se a ACOE non ten ningún problema, está convencido que lles poderá chegar a súa Memoria de actividades.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno** para aclarar que o grupo de goberno comprometeuse a dar traslado desa Memoria de actividades, outra cousa é que a Alcaldía o desautorizara, polo que o grupo de goberno incumpriu o seu acordo, querendo deixar constancia que procedeu a chamar para pedir dita documentación e non lla deron, comunicándolle o presidente da ACOE que querían convocar unha Mesa de Comercio para falar das actividades incluídas na súa Memoria; pero reitera que lle gustaría ter ese documento porque estamos ante unha modificación orzamentaria substancial. Remata con este tema lembrando que hai que convocar esa Mesa de Comercio.

En canto ao tema dos asfaltados, o Sr. Alcalde cifra en 3,6 millóns de euros as actuacións previstas na





rede municipal, considerando que este importe é insuficiente para cubrir as necesidades reais da nosa rede viaria.

Finalmente sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 10/06/2021, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto que, incoado o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 2/R/2021 financiado mediante superávit - remanente líquido de tesourería, ante a urxente e inaprazable necesidade de dinamizar a vida económica dos estradenses e paliar o impacto económico e social causado pola pandemia que estamos a sufrir, por importe total de 1.822.830,75 euros.

Vista a posibilidade de empregar neste expediente o remanente líquido de tesourería en aplicación do superávit resultante da liquidación do orzamento de 2020 (L.O. 9/2013 de Control da Débeda Comercial no Sector Público que modifica a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira), dado que se cumpren todos os requisitos da disposición adicional sexta da LOEPSF en canto ao destino do superávit orzamentario.

Tendo en conta que, entre os créditos extraordinarios propostos, figura a aplicación orzamentaria 153.2.610.00 ("Inv. Reposición. Mellora da capa de rodadura e drenaxe de vías municipais") por importe de 1.000.000,00 €, que se tramitará como investimento financeiramente sustentable, unha vez verificado o cumprimento dunha serie de requisitos recollidos na disposición adicional 16ª do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

Visto que, a inclusión no expediente da subvención nominativa por importe de 150.000,00 € a favor da Asociación de comerciantes da Estrada (A.C.O.E.) para campañas de dinamización económica COVID-19 supón a necesidade de modificar a base 53ª ("ACTIVIDADE SUBVENCIONAL") de execución do orzamento 2021,

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido informe pola intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial e Contas en sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

Visto o disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 2/R/2021 (modificación orzamentaria número 24/2021) financiado con superávit-remanente líquido de tesourería dispoñible, por importe total de 1.822.830,75 euros, e co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario (1.242.830,00 €):

Descrición	Importe
153.2.610.00 Inv. Reposición. Mellora da capa de rodadura e drenaxe de vías	



municipais 1.000.000,00 €
(proxecto número 2021-4-RODRE-69-1). Investimento financeiramente sustentable.

450.0.750.00 Transf. Capital. Xunta de Galicia. Mellora rúas Calvo Sotelo e Justo Martínez 92.830,75 €

439.489.00 Subvención Nominativa. Asociación Comerciantes da Estrada (A.C.O.E.). Campañas dinamización económica COVID-19

150.000,00 €

2.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de suplemento de crédito (580.000,00 €):

	Descrición	Importe
162.1.227.06	Estudos e Traballos Técnicos. Recollida de Residuos	500.000,00 €
312.226.10	Gastos diversos. Sanidade. Covid-19	20.000,00 €
450.0.221.99	Outras subministracións. Vías públicas	30.000,00 €
920.0.227.09	Traballos Outras Empresas. Limpeza e Aseo Covid-19	30.000,00 €

3.- Orzamento de ingresos:

Concepto de ingresos: 870.00

Recurso financeiro: Remanente líquido de tesourería

Importe: 1.822.830,75 €

Segundo.- Apróbase a modificación do punto VII da Base nº 53 “ACTIVIDADE SUBVENCIONAL” das aprobadas para a execución do orzamento en vigor, engadindo como subvención nominativa, a seguinte:

Aplicación orzamentaria..: 439.489.00

Beneficiaria.....: Asociación Comerciantes da Estrada (A.C.O.E.). Campañas dinamización económica COVID-19

Importe.....: 150.000,00 €

Este acordo de modificación das Bases de execución do orzamento de 2021 que se aproba inicialmente, require dos mesmos trámites que a aprobación do orzamento, segundo o disposto nos artigos 169 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 20 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto.- O expediente de modificación de créditos 2/R/2021 considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito período non se presentaran reclamacións.

Expediente 1837/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN,



PERSONAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DA PARCELA ESTADIO DOUS DA BAIUCA PARA PROCEDER A SÚA CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO DOS XULGADOS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o voceiro do grupo de goberno, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que con motivo da cesión á Xunta de Galicia para a construción do edificio dos Xulgados é necesaria a previa desafectación da parcela Estadio Dous da Baiuca para que pase de ser de dominio público a dominio patrimonial.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando a súa conformidade con esta proposta por considerar que A Estrada necesita unha nova sede xudicial que agrupe aos Xulgados nº 1 e nº 2, ademais de que este Concello vai a ser o último de Galicia en ter unificados as dúas sedes xudiciais, sen esquecer que a Xunta de Galicia anunciara que o ía a facer no ano 2010, polo tanto é de recibo que por fin esta actuación se faga; quere comentar as cuestións que provocaron que a Xunta de Galicia atrasara as obrigas e compromisos que ela mesma impuxo en relación coa A Estrada, provocando que o Xulgado nº 1 careza de espazo para o desenvolvemento da súa actividade, que se tivera que acometer nas súas instalacións o arranxo do tellado e que o Xulgado nº 2 leve 13 anos nun emprazamento que era en principio provisional, o que se traduce nun fracaso da Xunta e tamén do goberno local a pesares da súa defensa co Plan Xeral, cando considera que había outros artefactos para chegar antes a ese mesmo fin.

Continúa manifestando que é evidente a necesidade dun novo edificio xudicial para ben dos traballadores e dos veciños e veciñas, pero quere preguntar cales serán os prazos de execución ao mesmo tempo que fai referencia á reforma por parte da Xunta de Galicia da planta xudicial a través dun anteproxecto de lei que pretende crear os tribunais de instancia e instrución divididos en seccións, algo que se deberá de ter en conta porque poderíamos quedar sen os Xulgados, aínda que espera que a Xunta de Galicia o teña claro xa que vai a facer este edificio xudicial no noso municipio.

Intervén a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo está a favor deste trámite administrativo co fin da construción dun novo edificio xudicial, preocupándolle o anteriormente dito polo voceiro socialista sobre este anteproxecto de lei e, por ende, como vai a quedar a planta xudicial .

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, transmite o seu voto a favor da proposta que se está a tratar.

O **Sr. Alcalde** intervén para aclarar, en relación ao prazos, que non se pode comprometer a fixar datas sobre a construción do novo edificio xudicial, xa que trátase dunha tramitación da Xunta de Galicia, o que si pode dicir é que a desafectación da parcela que estamos a tratar, unha vez aprobada neste Pleno, será exposta no BOP aos efectos de abrir prazos para alegacións e, de non habelas, quedará aprobada definitivamente coa seguinte tramitación para a efectiva cesión (calcula sobre 4 meses); despois a Xunta de Galicia iniciará o procedemento, avanzando que o proxecto básico xa está redactado, existindo o compromiso de que neste ano estea finalizado o proxecto construtivo para que a Xunta poida contemplar o importe total dentro dos orzamentos do ano 2022 e licitar a obra dentro do primeiro semestre do vindeiro ano.

En canto ao plan de infraestruturas xudiciais e en contestación ao dito polo voceiro socialista sobre



que había outros mecanismos sen esperar ao PXOM, quere lembrar que nunca apoiaron o plan da Baiuca nin o PXOM, polo que pouco pode esperar que entendan esta gran infraestrutura nin que a apoiem, pero sempre hai que dar tempo ao tempo para demostrar o bo facer do grupo de goberno e da viabilidade das súas planificacións.

No relativo á planta xudicial, lembra que este proxecto lei estase a tramitar no Congreso dos Deputados e, tento en conta que o Partido Socialista está a gobernar en Madrid, a recomendación feita polo voceiro deste grupo lla devolve, porque no goberno central teñen que ver moi ben o que están a facer. En canto ao que ten que facer a Xunta de Galicia e este Concello, e a aspirar a este novo edificio, porque así daranos forza para manter o Xulgado comarcal así como para seguir contando con este servizo, pero reitera que non sabe o que fará o PSOE en Madrid, esperando que impere o sentido común e non prexudiquen sempre aos mesmos.

Finalmente agradece o voto favorable dos grupos da oposición a esta proposta e tamén o seu apoio.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** aclarando que non ten estudado este anteproxecto de lei, pero si pode anticipar que non cre que perdamos a categoría de centro xudicial da comarca, soamente quere que se teña en conta, porque foi a Xunta de Galicia a que paralizou a obriga que tiña coa Estrada para esta infraestrutura alegando unha hipotética reforma xudicial cando gobernaba o PP.

O **Sr. Alcalde** di que queda demostrado o compromiso do PP con esta obra, sendo fundamental este servizo para A Estrada.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 16/06/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello da Estrada de data 19 de abril de 2021 para a Construción de un novo edificio Xudicial.

Visto que, por Providencia de Alcaldía de data 22 de abril de 2021, iniciouse expediente relativo á desafectación do ben Parcela Estadio Dous, con Referencia Catastral 2565056NH4226N0001HX, cunha superficie de 2.840,00 m², o cal linda:

- Norte: Parcela Estadio 1, con Referencia Catastral 2565055NH4226N0001UX, cedida á Xunta de Galicia para a construción da Escola Infantil.
- Sur: Avenida da Torre.
- Este: Parcela Estadio 3, con Referencia Catastral 2565057NH4226n0001WX propiedade do Concello da Estrada.
- Oeste: Parcela con Referencia Catastral 2565012NH4226N0001RX

Visto o informe emitido con data 24/05/2021 pola Secretaría municipal en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a desafectación do ben de dominio público.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Órrea Corral, sobre a oportunidade ou necesidade da desafectación do ben moble, segundo a Lexislación vixente de data 25/05/2021.

Vista a Nota Simple acreditativa da inscrición de devandito ben no Rexistro da Propiedade.

Visto o Certificado de Secretaría sobre a anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público.





Considerando que, segundo previsto nos artigos 22.2º I) e 27.2 n da LBRL, e o 169.1 da LALGA, o Pleno é o órgano competente para a desafectación pretendida, debendo ser adoptado o acordo con voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

Visto o debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación da Parcela Estadio Dous, con Referencia Catastral 2565056NH4226N0001HX, cunha superficie de 2.840,00 m², segregada da parcela matriz Estadio Baiuca, para proceder a súa cesión a Xunta de Galicia para a construción do edificio dos Xulgados, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

Segundo.- Publicar este Acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 1 mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://aestrada.sedelectronica.gal>.

Terceiro.- De non producirse reclamacións, o acordo inicial considerarase definitivamente aprobado, e procederase a:

- a. Realizar o acto de recepción formal do ben que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- b. Realizar a correspondente anotación no Libro Inventario de Bens da Corporación.
- c. Dar traslado ao Rexistro da Propiedade para que realice as correspondente anotación rexistral.
- d. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde a dar cumprimento os precedentes acordos.

Expediente 2692/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) CON MOTIVO DO INCREMENTO DA FACTURA ELÉCTRICA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por tratarse dunha moción presentada no seu día polo grupo Mixto (BNG), outorgáselle a palabra á súa voceira **Dña. Susana Camba Castro**, quen procede a dar lectura a mesma, transcribíndose literalmente de seguido:

“O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.



Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas, como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. E todo isto nun país coma Galiza, que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- *Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello da Estrada da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.*

2.- *Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:*

- a. Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.*
- b. Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.*
- c. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.”*

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para agradecer ao BNG esta proposta e por aceptar en sede da Comisión Informativa as propostas engadidas polo grupo do Partido Popular, en concreto a relativa á supresión da rebaixa do gravame do imposto sobre o valor do produción de enerxía eléctrica, porque aínda que foi imposta polo PP considera necesario que se proceda á súa rebaixa.



Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que os datos da OCU dan unha visión moi contraria á que se plantexa na moción do grupo Mixto (BNG) e que dan lugar aos acordos que se propoñen para ser adoptados nesta sesión, pero outra cousa é que o seu grupo comparta o sinalado na exposición de motivos, porque esta moción presentouse como unha resposta á nova tarifa eléctrica doméstica, e os datos que facilitou a OCU foron bastantes diferentes á idea trasladada por varios partido políticos da oposición a nivel nacional, así este organismo di que as tarifas sen discriminación horaria se reducirían en 21 euros ao ano e con discriminación horaria aumentan 34 euros ao ano, sendo as tarifas que máis baixan aquelas que teñan unha potencia contratada entre 10 e 15 kw/hora; ademais, a OCU di que os fogares con menos de 10 kw/hora contratados baixan un 16% de custo regulado; a todo o anterior sinala que o Goberno do Estado da un 2,4% de redución ao consumidor doméstico e 1,5% ás industrias, o que deixa claro que se está moi lonxe dun incremento da tarificación, polo que o que habería que revisar é a política comercial das grandes compañías eléctricas, porque en lugar de aplicación a tarificación regulada agora ofrecen tarifas un 25% máis caras do que marca a propia norma, polo tanto o problema está neste último aspecto e non na normativa estatal, debido quizais do suplemento territorial e aos impostos autonómicos, polo que o PP e o BNG deberían instar á Xunta de Galicia para que eliminen estes impostos cargados ás compañías eléctricas e así eliminar este suplemento territorial e que redundaría nunha redución da factura.

En relación á rebaixa do IBI, o seu grupo coincide co espírito desa medida aínda que non considera que ese sexa o camiño, porque se rebaixaría a factura eléctrica a conta dos ingresos do Estado, aínda que se pode defenden como medida urxente pero non soluciona os problemas reais que encarecen este servizo.

Continuando, di que algúns dos acordos que propón a moción son de política enerxética en xeral moi difíciles de cambiar, xa que habería que mudar todo o sistema para cambiar determinadas cuestións, algo que debería de saber o grupo de goberno, sen embargo atrevéuse incluso a facer emendas e apoiar unha cuestión que considera que é provocada pola Xunta de Galicia polos impostos que está a aplicar. Por outra banda, cando se propón non cortarlle o subministro eléctrico a determinadas persoas pola súa situación de vulnerabilidade, lembra que xa está regulado este aspecto na Lei do Sector Eléctrico, sen esquecer que o goberno de España contempla máis medidas para paliar este problema.

En canto aos acordo propostos polo PP, di que un deles é a bonificación do 100% do imposto sobre o valor da produción da enerxía (imposto polo PP) e, ademais, piden que a débeda do sistema eléctrico sexa aplicada nos Orzamentos Xerais do Estado, algo que lle parece inaudito cando estando no goberno defendían que este imposto aplicábase en previsión que no ano 2015 se ía a duplicar eses vinte e catro millóns de euros que había no 2011 de déficit tarifario; di que agora o PP piden eliminar este imposto, entón pregúntase que vamos a facer co déficit de tarifa, polo que nota a falla de que esta proposta non vaia acompañada dalgunha medida de contraprestación, tan só piden que sexa o goberno central que o asuma, cando están a criticar que nestes orzamentos hai déficit. Polo anterior considera que o grupo de goberno debería aclarar e facer proposta máis coherentes.

Finalmente, ante o manifestado, di que o seu grupo non pode apoiar a moción.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicirlle ao voceiro socialista que está ben que na súa intervención critique á política enerxética do Partido Popular, pero considera que tamén debería asumir a realidade de que a suba no servizo eléctrico prexudica moito aos particulares e ás pequenas empresas, debendo, polo tanto, apoiar esta moción, xa que cre que tanto o grupo popular como o socialista ata agora sempre estiveron do lado das eléctricas, pedindo que poñan os pes na terra e asuman quen son os que realmente está a sufrir a suba da facturae intenten paliar os



danos e, a partir de aí, se poderán entender todas as críticas que se cruzan estes dous partidos políticos. Continúa dicindo que estamos ante un problema que afecta ás familias e ás pequenas empresas que están nunha situación de vulnerabilidade e, ante isto, deberíamos de ser moi sensibles e, a nivel local, deixar ese posturo de partido a un lado e loitar xuntos para buscar solucións a este problema.

Traslada, así mesmo, o seu voto a favor desta moción, sobre todo tendo en conta tamén que Galicia é unha potencia en produción eléctrica e, sen embargo, non se traduce en vantaxes na factura deste servizo, senón que todo o contrario, somos a primeira potencia na produción deste servizo e tamén a comunidade que máis paga polo subministro eléctrico.

O **Sr. Alcalde** agradece á Sra. Mar Blanco a súa exposición e a súa coherencia, sen embargo, en relación coa intervención do Sr. López Bueno, considera que non falou como concelleiro desta corporación senón como político do partido socialista, entrando en críticas ao goberno central e, aínda que o PP cando estivo no goberno adoptou medidas en materia eléctrica, tamén hai que recoñecer que agora que goberno o PSOE estamos ante a maior suba da tarifa eléctrica na nosa nación, subas do 280% , sendo esta a realidade e no que nos temos que centrar neste momento e loitar pola defensa dos nosos cidadáns, outra cousa é que o voceiro socialista prefira poñerse a camisa do seu partido e non actuar como un defensor da cidadanía, porque estamos ante unha situación insostible, non sabendo que capacidade ten o goberno central para frear esta situación, pero está claro que hai que aplicar políticas non a curto prazo como é o tema do imposto e que daría lugar a longos debates. Coincide en que Galicia é a comunidade que máis produce enerxía eléctrica e que, ao final, non recibe ningún tipo de compensación.

Continúa dicindo que entende a situación problemática do voceiro socialista para defender neste Pleno decisións do seu partido utilizando argumentos como o da OCU, pero a realidade é o que pagábamnos antes e o que pagamos agora. Entende a postura incómoda do grupo socialista neste momento, pero tamén é verdade que sería moi difícil de explicar a un veciño o por que o grupo municipal do Partido Socialista vota en contra desta moción.

Interrompe o **Sr. López Bueno** para aclarar que na súa anterior intervención dixo que tiña simpatía por algúns dos acordos que se propoñen acordar, retando ao Sr. Alcalde para que lle diga se algún dos acordos propostos ataca a suba do recibo da luz, algo que responde a un sistema de poxa, reiterando o sinalado pola OCU. En canto ao por que o seu grupo está en contra desta moción, o pode explicar perfectamente, porque se esta moción é aprobada e o sistema de poxa non cambia, entón haber como explica aos veciños que a luz vai a seguir subindo; e sobre os impostos que queren eliminar e que cobran as eléctricas van a repercutir automaticamente no prezo.

Reitera a súa opinión de que todo o que se propón está moi ben, pero o que vai a facer o goberno do Estado nos vindeiros anos é a reforma do sistema da sostibilidade do sistema eléctrico co obxecto de en 5 anos reducir un 15% o prezo da factura de subministro eléctrico.

Pide a palabra a **Sra. Susana Camba** para aclarar, en relación ao sistema de poxas, que o problema está no sistema socio económico lesivo que estamos a vivir, non só para as clases máis vulnerables, senón para todos en xeral, porque hai que pensar que a riqueza mundial está en mans dun grupo reducido de persoas; así que estando nun sistema que non se caracteriza por defender as causas nobres non se pode solucionar nada, pero si podemos poñer opcións enriba da mesa para paliar algo o desastre que estamos a vivir. Aclara que presentou esta moción por crer firmemente na existencia dun problema que necesita de solucións, e as propostas que se inclúen na dita moción poden ser acertadas ou non, pero son as que considera válidas para paliar algo esta problemática; por outra banda, esta de



acordo en que o sistema de poxas é o problema máis grave, pero é grazas tamén a que existe unha lexislación que o permite, permite que paguemos os impostos que lle corresponden as eléctricas por enriba de ter que pagar o subministro de electricidade (un dos máis caros). En canto ao bono social o considera unha esmola e non queremos vivir de esmolas, senón vivir con dignidade, sen esquecer tamén que non todos poden acceder a ese bono social a pesares de ter problemas para chegar ao fin de mes. En canto á medida do 10% , esta intenta paliar o problema de xeito temporal cando o que se necesita é adoptar outro tipo de medidas que teñan unha continuidade. Di que, neste momento, a luz é un 17% máis cara que en xaneiro, e un 16% máis cara que no mes de xuño do ano pasado, sendo evidente o problema que existe, polo que iso de culparse uns a outros non é a solución, aínda que hai dous partidos políticos (PP e PSOE) que se estiveron turnando no goberno central e, sen embargo, temos exactamente igual o mesmo problema; entende que o grupo socialista vote en contra desta moción, ao mesmo tempo que entende que o grupo do Partido Popular vote a favor, porque estamos ante unha discordia política constante, pero pide conciencia ante este grave problema, e a súa moción é produto da preocupación do seu grupo e, en caso de votar en contra, pide que se presente outra moción propondo solucións, e non votar en contra por votar en contra, e así que dende o Concello da Estrada se expoña unha idea de solución ao goberno central.

Continúa dicindo que lle gustaría que o Estado tivera participación nas compañía eléctricas, como ocorre noutros países.

O **Sr. Alcalde** di que o importante é defender los intereses dos nosos veciños e, neste caso, o importante é a situación actual do encarecemento excesivo dun ben básico como é o subministro eléctrico nos fogares. Di que a súa anterior intervención non foi para poñer en evidencia ao grupo socialista, porque xa se poñen en evidencia eles sos, querendo pensar que o seu voto deriva da súa fidelidade ao partido político ao que pertence, porque se é polo que pensa realmente lle preocuparía moito pola falta de compromiso coa veciñanza, porque estamos ante un dos máis graves problemas que están a sofren as familias no noso país, entrando agora a facer mención a debates e críticas políticas .

Di que estamos ante unha problemática que necesita dun análise máis profundo e que ten unha solución moi complexa, sendo bo un xesto desta corporación o manifestar a preocupación por este tema, desculpando ao grupo socialista pola súa negativa entendendo que é por mor de ter que dicir o que lle marca o seu partido e en contra da súa vontade.

Non habendo máis intervencións, procédese á súa votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, Móvete e Mixto (BNG) e en contra do grupo do Partido Socialista, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal Mixto (BNG) con data 08/06/2021 (2021-RCIO-3), que se transcribe literalmente de seguido:

“O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que



afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas, como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. E todo isto nun país coma Galiza, que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello da Estrada da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.*
- 2.- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:*
 - d. Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.*
 - e. Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.*
 - f. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 21 de xuño de 2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:



Primeiro.- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello da Estrada da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- a. Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%. E rebaixar o tipo de gravamen do Imposto do Imposto sobre o Valor de Producción da Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para elo o artigo 8 da Lei 15/2012, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.
- b. Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
- c. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía e modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custes regulatorios que se trasladan a factura eléctrica sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
- d. Simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.

Rematado de tratar os asuntos incluídos na Parte Resolutiva desta Orde do Día, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos quere presentar algunha moción de urxencia, non habendo pásase á parte de Actidade de Control.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 18 E O 31 DE MAIO DE 2021 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 18 e 31 de maio de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0577 ao número 2021-0634 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 16 DE XUÑO DE 2021 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 16 de xuño de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0635 ao número 2021-0721 (incluídos os dous).



A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, trasladar os seguintes rogos:

- Que o Concello solicite o desbroce da N-640, sobre todo na parte superior da Avda de Pontevedra.
- Traslada a preocupación polo estado de tramitación da parcelaria de Arca, levando dous anos co título provisional, sabendo que o expediente volveu á Xunta de Galicia descoñecendo se se pode instar que se axilice a desconcentración.
- En relación cos desbroces feitos en Oca e outras parroquias, di que os restos de desbroce quedaron acumulados nas cunetas, polo que prega que se proceda ás súas limpezas e revisen a maquinaria para que non se segan producindo estas accións.
- Pide que na pista que vai de Riomao a Vendexa sexa arranxada o corremento de terras que houbo sobre a mesma.
- Roga que se limpe e asfalte un anaco da pista existente no lugar de Besteiros en Castrovite e que é de titularidade municipal.
- Di que o cartel turístico da área fluvial de Couso foi tirado por un camión, polo que pide que se repoña.

Continúa formulando varias preguntas, en primeiro lugar di que os Campamentos de Verán quedaron desertos e tívose que tramitar novamente de forma rápida, polo que pregunta á Concelleira delegada de Benestar Social que procedemento se seguiu, a que empresa se adxudicou, que criterios se seguiron na súa adxudicación e por que este expediente se tramitou tan tarde.

Para responder á anterior pregunta toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen explica que o expediente foi tramitado moi xusto e tívose a sorpresa que non se presentou ningún licitador, con tal motivo decidiuse volver a iniciar o procedemento chamando ás empresas que se habían presentado o ano pasado, as cales presentaron presupostos con diferenzas de prezos, sendo a Educadora Social quen, en base aos orzamentos e programas presentados por ambas as dúas empresas, propuxo a que era máis vantaxosa para este Concello e para o servizo a prestar; con posterioridade pediuse á Interventora aos efectos de que emitise informe ante a necesidade de contratar este servizo o máis antes posible para prestalo dentro dos prazos necesarios e dar resposta aos problemas que se podían ocasionar ás familias. Remata aclarando que a afluencia de nenos e nenas foi espectacular e os Campamentos funcionaron moi ben.

O **Sr. López Bueno** da as grazas pola explicación pedindo que para o vindeiro ano o expediente se tramite coa suficiente antelación.

Continúa trasladando a preocupación de varios veciños pola falta de limpeza previa á celebración das festas patronais como se adoitaba facer, ao igual que durante as mesmas non estivera operativa a varredora compacta, así como tamén quere cuestionar ao grupo de goberno ante o non repintado dos pasos de peóns e zonas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, compromiso que se había adoptado antes das festas.

Responde o **Sr. Alcalde** di que se fixo un reforzo por partes das brigadas de limpeza, sendo certo que a varredora non funciona dende fai tempo, pero lle consta que o baldeo



das beirarrúas se fixo, así como a limpeza dos contedores de lixo e, con respecto á limpeza viaria, estivo de servizo dende as seis da mañá, considerando que se efectuou un bo traballo, polo que agradece a implicación do persoal do servizo de limpeza. En relación ao repintado, explica que persoal contratado con cargo ao Plan de Emprego foi no mes de xuño, o que impediu acometer estas actuacións, esperando que pronto se remate o proxecto de asfaltado do casco urbano e así no mes de setembro proceder ao repintado da sinalización horizontal.

Por último, o **Sr. López Bueno** prega que co sistema de vídeo/acta do Pleno se valore a implantación dun sistema de participación a distancia.

Solicita que se admita a cesión de palabra ao seu compañeiro de grupo Sr. Rendo Araujo.

Toma a palabra o concelleiro do grupo socialista **D. Luis Rendo Araujo** para trasladar un rogo do centro escolar de Oca con motivo dunhas obras que se van a acometer no dito colexio, onde se comprometeu o Concello a facilitar uns operarios para o derrube dunha parede e retirar os entullos procedentes da obra a realizar.

Por outra parte quere reiterar a solicitude de sinalización da ubicación do dito centro escolar.

Prega que tamén se coloque unha marquesina na parada escolar de San Miguel de Castro e outra en Currelo - Orazo.

Tamén pide que sexan cortadas as polas das árbores que dificultan a circulación dos autobuses escolares.

Pide que arranxe a pista por onde transcorre o autobús escolar (NON ESPECÍFICA ONDE).

Roga que se cubra a praza de Conserxe do CEIP de Oca, despois da recente xubilación do anterior e, se pode ser, que sexa o mesmo que a estivo cubrindo provisionalmente, debido a súa dilixencia e bo facer.

Por último quere facer unha aclaración con respecto ao rogo feito polo seu voceiro sobre a necesidade de bacheo dunha pista en Castrovite e que vai a Besteiro, así di que ese camiño engancha coa N-525 e vai a Dornelas, pertencendo uns 50 metros ao Concello de Silleda e sempre está chea de baches, polo que pide que se vaia a revisar.

O **Sr. Alcalde** di que lle dará traslado á Concelleira para que se poña en contacto coa ANPA para dar solucións a todas as cuestións sinaladas.

Toma a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dña. Mar Blanco Casais**, para pregunta como van as obras do Albergue de Sabucedo, querendo lembrar a necesidade de que estas instalacións estean operativas ante a chegada de peregrinos.

Pregunta, así mesmo, como vai o da antena de televisión da zona de Codeseda.

Tamén quere reiterar e lembrar o problema existente co vertedoiro que hai na Avda Benito Vigo (á altura da Lennon), considerando importante manter a rede de saneamento do noso municipio e bo estado.

Responde o **Sr. Alcalde** ás preguntas anteriormente mencionadas; así, en relación ao Albergue de Sabucedo, descoñece como están obras neste momento, sen embargo é sabedor que está redactada unha Memoria valorada, pero lle dará traslado desta pregunta ao Concelleiro responsable desta área para que lle de resposta.

En canto á antena de televisión de Codeseda, lle informa que esta semana estiveron na zona persoal deste Concello con responsables de RETEGAL co fin de solucionar varios problemas xurdidos a partires das pasadas treboadas e que foron arranxados; con respecto aos anteriores problemas, se están a buscar alternativas xunto con esta empresa para a recolocación da antena, sendo seguramente necesario colocala nunha propiedade privada, polo que haberá que negociar co gallo de chegar a algún acordo.

En canto ao vertedoiro na Avda Benito Vigo, estamos ante un problema que se arrastra dende fai anos por ser unha zona moi problemática ao non ter unha fácil solución por mor da conexión da rede de saneamento de moitos edificios e cando chove demasiado



a rede desbórdase; di que se fixo un estudo exhaustivo desta rede solucionándose algunhas anomalías observadas nas conexións, outras se comunicaron ás comunidades de veciños, pero o problema sigue existindo por vir da parte arriba do casco urbano, así que cando hai unha tromba de auga o colector non da a basto e, antes que revente, buscouse un sistema de alivio. Informa que se seguirá buscando alternativa, pero repite que non é unha solución fácil.

Intervén na súa quenda a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, para trasladar a súa preocupación ante o mal estado das cunetas de moitos camiños municipais, entre elas unha existente na rúa Decoita, concretamente o camiño pasa por diante da vivenda do Sr. Gestoso de cara a Ouzande, a cal está totalmente invadido pola maleza, pregando que se procede á súa limpeza.

O **Sr. Alcalde** lembra que a planificación dos desbroces faise cun calendario e que vaise por parroquias, por outra parte quere dicir que este ano as condicións climatolóxicas obrigaron a un atraso destes traballos, pero se están a facer reforzos con equipos alleos ao municipal para intentar axilizar estas limpeza.

A **Sra. Camba Castro** pregunta se se desbrozou o entorno do Museo Reimóndez Portela.

O **Sr. Alcalde** responde que o descoñece, pero llo trasladará ao Concelleiro.

A **Sra. Camba Castro** pregunta en que trámite está a petición feita varias veces para poder visitar o Museo Reimóndez Portela.

Contesta o **Sr. Alcalde** lle di que lle trasladará novamente esta petición ao Concelleiro.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando o rogo dun veciño de Barbude para que dende o Concello se inste a outro veciño colindante para que limpe as acacias existentes na finca propiedade deste último e que invaden e danan o peche da súa, ante a negativa do responsable por considerar que as acacias son anteriores á entrada en vigor á lei que obriga á súa eliminación.

O **Sr. Alcalde** di que é coñecedor desta situación, sendo o procedemento ordinario proceder ao requirimento do propietario para que no prazo establecido proceda a súa corta e, en caso de non facelo, aplicárase o sinalado na correspondente lexislación e segundo cada caso urbanístico no que se atopa, porque en moitos casos os Concellos teñen limitadas as súas actuacións para aplicar a lei con contundencia.

Non habendo máis intervencións polos/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas e vinte e un minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os





audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4AYZQR6C6MSPXT5AMF5D4L5TM | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 33